



Lírica

Poemas¹

Rafa Yáñez

con flores a Ricardo

tes nome de *boo omẽ*
e non teño dúbida

tamén nós esquecemos
unha homenaxe
como outros esquecen decote
o recoñecemento

hoxe aquí
nesta beira do mundo
perdón polo retraso
grazas
pola túa xentil
espera

¹ Do poemario inédito *Bóreas. As beiras da maré ou poemas de xalundes*.

as leccións de LLT

crece un ginkgo biloba
nos teus ollos
e aniñan nel estorniños roibos
que rompen a voar dende
as túas mans

crece un ginkgo biloba
a carón da escola
e tantos anos despois
fun incapaz
de descubri-lo

foi
a túa man
quen me levou aló
na súa procura
un serán de inverno

sabiamos xa
da súa cor

intuímos unha primavera calorosa
as túas palabras

si eran unha lección de sabedoría

XXIII

dixeron que foras a profesora punkie
tardei en facerme unha idea
das aulas túas

logo cravaches a túa mirada no meu pescozo
cun sorriso insinuaches algo
dos pelos longos

de súpeto voltou todo
aprendizaxe da túa man

na sétima